



BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA O FUNCIONAMENTO E A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS OU ACTIVIDADES A PROL DO ASOCIACIONISMO VECIÑAL E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Base 1. Finalidade e obxecto

O Concello de Ourense, atendendo ao plan estratéxico e co obxectivo prioritario de fomentar e consolidar o asociacionismo veciñal e a participación cidadá, considera de interese xeral prestar apoio ás entidades veciñais que traballan neste eido. Estas bases teñen como fin posibilitar a realización de actividades de promoción, difusión, fomento e consolidación do asociacionismo veciñal e a participación cidadá nunha concepción ampla desta, no marco da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Ourense, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e normativa que as desenvolva.

É obxecto destas bases regular a concesión de subvencións para o funcionamento e a realización de programas e/ou actividades veciñais que persigan, entre outros fins, a promoción da participación cidadá, dentro do termo municipal de Ourense.

Para os efectos destas bases, de acordo co establecido para a Liña I no anexo do Plan estratéxico de subvencións da Concellería de Participación Cidadá, entenderanse por programas e actividades veciñais aquelas realizadas polas entidades veciñais, tales como actividades lúdicas, festivas, culturais e deportivas, cuxo obxecto sexa mellorar a convivencia e que favorezan a relación , colaboración e integración entre a veciñanza, e que non contén con axudas municipais específicas.

Quedan excluídas do obxecto destas bases:

1. Aquelas que, para a mesma finalidade, sexan solicitadas noutras convocatorias doutras áreas ou servizos do Concello de Ourense.
2. Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación presentados, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, que indiquen unha mala definición deste ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.
3. As que non cumpran algún requisito destas bases ou das referidas no artigo 2.2 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.





4. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
5. Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
6. Aquelas que teñan un convenio de colaboración co Concello de Ourense.
7. Aquelas que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.
8. Aquelas actividades cuxo custo sexa inferior a 400 € tanto na solicitude como na xustificación.
9. Aquelas cuxa cantidade solicitada sexa inferior a 250 € tanto na solicitude como na xustificación.

Base 2. Financiamento

A concesión das subvencións que constitúen o obxecto desta Bases Reguladoras estará limitada ao crédito máximo dispoñible no orzamento municipal na partida “300 9240 48956, *Subvencións a Asociacións de Veciños*”, ou partida que a substitúa.

Base 3. Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarias as Asociacións veciñais con personalidade xurídica propia que reúnan os requisitos xerais establecidos no artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións e cumpran as seguintes condicións:

- Que desenvolven a súa actividade no territorio municipal de Ourense.
- Que estean inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás e que teñan unha antigüidade mínima dun ano, no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.
- Que cumpriran coa obriga de xustificación das subvencións o ano anterior, outorgadas polo Concello de Ourense.
- Que se atopen ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Ourense, a AEAT, Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social, no momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- Que presenten unha declaración responsable na que conste o cumprimento de todos os extremos requiridos, así como de que non incorren en ningunha das situacións do artigo 34.4 da Lei xeral de subvencións.

Quedan expresamente excluídas aquelas entidades:

- 1) Que non se atopan ao corrente do pagamento por reintegro de subvencións ou débedas coa Seguridade Social e a Facenda pública.





- 2) Que sexan beneficiarias de subvencións nominativas da Concellería de Participación Cidadá do Concello de Ourense.
- 3) Que non presenten a documentación requirida no punto 5 destas bases.
- 4) Que presenten as solicitudes fóra do prazo establecido.

Base 4. Contía e límite das axudas

A contía das subvencións estará en función do custo dos programas e dos recursos cos que conte para cubrir estes parcialmente. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que supere o 75% do orzamento do proxecto nin os **4.000 € por solicitante**. Estes límites operarán tanto no momento de outorgar a subvención como no exame da conta xustificativa que debe presentar o beneficiario da subvención para acreditar o emprego da subvención concedida.

Base 5. Presentación de solicitudes, prazo e documentación

A) Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases reguladoras (Anexo I) e deberá ser un por cada actividade, proxecto ou programa para o que se solicite a subvención, non será válida a presentación conxunta de varias actividades neste mesmo anexo.

Os impresos de solicitude da subvención (anexos a estas bases reguladoras) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados pola Concellería de Participación Cidadá e na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.gal ou outra que a modifique) e na propia web da Concellería de Participación Cidadá (participación.ourense.es ou outra que a modifique).

Todos os trámites administrativos que as entidades deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente.

As solicitudes, asinadas pola persoa que ostente a representación legal da entidade, serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ourense, e achegarán a documentación solicitada nas bases reguladoras conforme aos anexos que se xuntan.

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación de cada convocatoria anual no Boletín Oficial da Provincia.





Lugar e forma de presentación:

Rexistro Xeral electrónico do Concello de Ourense, acorde coas formas recollidas e previstas nos artigos 14.2 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

B) Certificación do secretario da entidade en relación coa actuación do representante legal (Anexo II**).**

C) Memoria ou proxecto explicativo da actividade (Anexo III) con especificación detallada dos conceptos establecidos nos seus 8 apartados, tales como: accións ou actividades concretas que desenvolverán (descrición de cada unha delas) con indicación dos lugares e datas de realización, xustificación da realización do proxecto, programa ou actividade, persoas destinatarias (número de persoas ás que se dirixe), obxectivos (tanto obxectivos xerais como os específicos, que é o que se pretende conseguir, metodoloxía e formas de avaliación do proxecto (como se vai realizar, coordinación, resultados, impacto), recursos humanos e materiais que se empregarán (descrición detallada do número de horas por profesionais, os respectivos custos/hora e o lugar de traballo). Esta memoria ou proxecto deberá estar asinado polas persoas que ostenten os cargos de presidencia e secretariado da entidade. Presentarase un anexo por cada actividade, proxecto ou programa para o que se solicita a subvención.

D) Orzamento de ingresos e gastos do total do proxecto, programa ou actividade, segundo o apartado 9 do Anexo III con expresión do financiamento previsto e co nivel de detalle que permita comprobar todos os conceptos, sexan ou non subvencionables. Necesariamente virá asinado como se indicou anteriormente. Presentarase un por cada actividade, proxecto ou programa par ao que se solicita a subvención.

E) Declaración responsable de estar ao día nas obrigas tributarias con calquera administración e non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria que figuran nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como a declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións. Esta declaración responsable virá asinada polas persoas que ostenten os cargos de presidencia e secretariado da entidade (Anexo V). Presentarase un anexo por cada actividade, proxecto ou programa par ao que se solicita a subvención.

F) Folla de pagamento a terceiros (Anexo IV**)**

G) Non será necesario presentar aqueles documentos que se atopan en poder do Concello de Ourense, sempre que se manifeste que non sufriron variación. (Anexo VI**)**





Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, a persoa solicitante será requirida para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, considerárase que desistiu da súa solicitude e procederase ao seu arquivo.

Base 6. Criterios de valoración

De conformidade co artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrência competitiva, e terá sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Concellería de Participación Cidadá destinada para tal fin no exercicio. Neste sentido, despois de excluír as solicitudes segundo o estipulado nestas Bases, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

A) Proxecto (hasta 60 puntos)

Valorarase de forma motivada cada proxecto ou actividade, sempre que conteña toda a información sinalada no apartado D da Base 5, e teranse en consideración como criterios xerais de valoración os seguintes:

a Que se baseen na análise das necesidades existentes na contorna, viabilidade técnica e prevexan mecanismo de avaliación da actividade a desenvolver. Ate 5 puntos.

1. 2,5 puntos se o proxecto está baseado nas necesidades existentes entre a veciñanza e xustifica a viabilidade técnica.
2. 2,5 puntos se o proxecto xustifica mecanismo de avaliación.

b Que as actuacións do proxecto ou actividade non se dirixan exclusivamente ás súas persoas asociadas, senón que estean abertas á comunidade, con custo ou sen custo económico, o que deberán facer constar na solicitude. Ate 5 puntos.

Cando a actividade se dirixe soamente ao socios e é gratuíta para o/a participante: 0 puntos

Cando a actividade se dirixe a socios e non socios e é gratuíta para o/a participante: 1 punto

Cando a actividade se dirixe a socios e non socios do ámbito do barrio da entidade e é gratuíta para o/a participante: 2 puntos

Cando a actividade se dirixe a socios e non socios do ámbito de todo o concello e é gratuíta para o/a participante: 3 puntos

Cando a actividade se dirixe soamente a socios e é NON gratuíta para o/a participante: 1 punto

Cando a actividade se dirixe a socios e non socios e é NON gratuíta para o/a participante: 2.5 puntos





Cando a actividade se dirixe a socios e non socios do ámbito do barrio da entidade e NON é gratuíta para o/a participante: 4 puntos

Cando a actividade se dirixe a socios e non socios do ámbito de todo o concello e NON é gratuíta para o/a participante: 5 puntos

c Número de participantes na actividade. Ate 5 puntos.

Actividades de máis de 1000 persoas 5 puntos

Actividades de 500 a 999 persoas 4 puntos

Actividades de 250 a 499 persoas 3,5 puntos

Actividades de 100 a 249 persoas 3 puntos

Actividades de 50 a 99 persoas 2.5 puntos

Actividades de 40 a 49 persoas 2.25 puntos

Actividades de 30 a 39 persoas 2 puntos

Actividades de 20 a 29 persoas 1.5 puntos

Actividades de menos de 20 persoas 1 punto

d Que os obxectivos da actividade ou proxecto estean vinculados á defensa, representación e participación dos intereses dos veciños e non dos seus socios, e por extensión do territorio que representa; salvaguardando e defendendo de igual forma a participación individual da cidadanía polos mecanismos establecidos ou polos que a entidade dispoña. Ate 5 puntos.

e Grao de execución e xustificación de proxectos da mesma entidade anteriormente subvencionados. As entidades que non . Ata 5 puntos.

Executado e xustificado totalmente: 5 puntos

Executado e xustificado entre o 75 % o 99% : 4 puntos

Executado e xustificado entre o 50 % o 74 %: 3 puntos

Executado entre o 25 % e o 50 %: 2 punto

Executado entre o 24 % e o 15 %: 1 punto

Executado menos do 15 %: 0 punto

As entidades que non solicitaran o ano anterior ningunha subvención concederáselles 5 puntos

f Que as actuacións, proxecto ou actividade fomenten políticas de igualdade. Ate 5 puntos.

g Que sexa capaz de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais e finalistas. Ate 10 puntos.





- 1 punto cando o proxecto se leve executando menos de 3 anos.
- 2.5 puntos cando o proxecto se leve executando menos de 5 anos.
- 5 puntos cando o proxecto se leve executando entre 5 e 10 anos.
- 7.5 puntos cando o proxecto se leve executando entre 11 e 15 anos.
- 10 puntos cando o proxecto se leve executando máis de 15 anos.

h Que o programa conte con contidos e metodoloxías socioeducativas ou análogas. Ate 10 puntos.

i Que estean dirixidas á promoción e relación dos sectores de poboación máis indefensos (infancia, terceira idade, parados etc.). Ate 10 puntos.

No caso de valorar con menos de 15 puntos o proxecto presentado, non se seguirán valorando os demais criterios e entenderase desestimada a solicitude e no se outorgará subvención ningunha por puntuación insuficiente.

B) Esfuerzo financeiro (hasta 30 puntos)

É a porcentaxe que representa o financiamento alleo ao Concello de Ourense no custo da actividade. Esfuerzo financeiro = $1 - (\text{Importe solicitado} / \text{Custo actividade})$, só se terán en conta para o cálculo os números enteiros.

- 0 puntos cando o esforzo económico sexa igual al 25%
- 2 puntos cando o esforzo económico sexa inferior ou igual 30%
- 7 puntos cando o esforzo económico sexa superior ao 31%
- 10 puntos cando o esforzo económico sexa superior ao 35%
- 15 puntos cando o esforzo económico sexa superior ao 40%
- 20 puntos cando o esforzo económico sexa superior ao 45%
- 25 puntos cando o esforzo económico sexa superior ao 50%
- 30 puntos cando o esforzo económico sexa superior ao 55%

C) Que a actividade ou proxecto sexa executado en colaboración con outras asociacións pertencentes ao Rexistro de entidades do Concello de Ourense (ate 5 puntos).

Valoraranse aqueles programas ou actividades que sexan interasociativos e con incidencia na contorna.

D) Promoción da lingua galega (ate 5 puntos)





Valoraranse aqueles proxectos que, polo seu contido e obxecto, entrañen unha promoción do uso da lingua galega.

A comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola asociación.

Compromiso de utilización do galego nas publicacións, cartelería, na publicidade e en toda a produción escrita de todas as actividades que vaian ser obxecto de subvención polo Concello de Ourense. (2,5 puntos)

Se o obxecto principal da actividade é a promoción da lingua galega. (5 puntos)

Base 7. Gastos subvencionables e non subvencionables

- Son gastos subvencionables todos aqueles que responden de forma indubidable á natureza da actividade subvencionable, sempre que figuren efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, e aplicaranse a cada convocatoria os gastos comprendidos desde o 1 de decembro do ano anterior á convocatoria ate o 30 de novembro do ano desta. As actividades realizadas no mes de decembro desta convocatoria terán que se incorporadas á convocatoria anual seguinte para que poidan ser obxecto de subvención.
- **Os gastos relacionados con facturas de gastos alimentarios e bebidas, están limitados a un máximo de 4 actividades ou proxectos**, exclúense desta norma os gastos de cursos ou seminarios de cociña e premios de concursos que serán sempre subvencionables, non obstante estes proxectos terán que estar vinculados con algunha actividade lúdica, festiva ou análoga.

Ademais serán gastos indirectos subvencionables:

1. Os gastos de funcionamento e, en todo caso, correntes, necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención tales como: gastos de administración de xestión, persoal, material funxible, material de limpeza, gastos de limpeza de locais, facturas de luz de locais de titularidade propia e conexión telefónica ou locomoción relacionados directamente coa execución da actividade.
2. Os gastos indirectos relacionados co cumprimento das actividades obxecto de subvención con detalle razoado do criterio de imputación empregado polo beneficiario, tendo en conta a





parte que razoablemente corresponda coa actividade subvencionada e na medida en que tales custos correspondan co período en que se paga a actividade.

Estes gastos indirectos non poderán exceder do 20% da cantidade total do custo da actividade.

- Non serán gastos subvencionables:

- Os gastos xerais das entidades solicitantes relativos ao financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento e alugueiro de locais, nin facturas de luz (agás que o local sexa de titularidade propia).
- De acordo coa Lei 2/1996, do 8 de maio sobre drogas, que impide calquera promoción pública de actos que teña que ver co consumo de alcohol, non se subvencionarán gastos de bebidas alcohólicas (cervexa, viño, licores etc...)
- Os gastos de custos de locomoción, agás excursións.

Base 8. Instrución

- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndello ao xefe/a do Servizo de Cultura, Xuventude e Participación Cidadá que poderá delegar no coordinador de Participación Cidadá, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se realice a proposta, de acordo co previsto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúnen os requisitos esixidos, a persoa interesada será requirida para que no prazo de dez días, contados desde o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se entenderá que desiste da súa solicitude ao abeiro do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Despois de excluír as solicitudes que non reúnan os requisitos necesarios para seren beneficiarias, o expediente seralle remitido á Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por o/a concelleiro/a delegado de Participación Cidadá que actuará como presidente/a, o xefe/a do Servizo de Cultura, Xuventude e Participación Cidadá, o interventor municipal ou funcionario/a en quen delegue, o asesor xurídico municipal ou funcionario/a en quen delegue, e o coordinador de Participación Cidadá ou funcionario/a en quen delegue, que actuará como secretario/a.
- A Comisión de Valoración poderá:
 - o Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.





- o Valorar as solicitudes que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, de conformidade cos criterios establecidos nas bases.
- o Emitir o informe de valoración respecto ás solicitudes de subvención.
- o A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes que incumpran as bases ou a convocatoria e valoraranse as restantes solicitudes, de acordo co establecido na base sexta.
- o Emitido o informe de valoración, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución definitiva que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a subvención e a súa contía, especificando a súa valoración e os criterios para efectuala. Tamén conterá a relación de aspirantes aos que se lles denega a subvención xunto coa motivación

Base 9. Resolución e réxime de recursos

- 1) Efectuada a proposta do órgano instrutor, correspóndelle ao/á concelleiro/a de Participación Cidadá a resolución motivada de concesión ou denegación das axudas no prazo de tres meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Para ditar a resolución definitiva e notificar esta resolución estarase ao disposto nos artigos 88 e 40 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, respectivamente.
- 2) De conformidade co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima ás asociacións ou entidades solicitantes para entender desestimadas por silencio administrativo as solicitudes de concesión de subvencións
- 3) Estas bases reguladoras e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución esgotan a vía administrativa. Contra elas poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de conformidade co artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.
- 4) Así mesmo, poderá interpoñerse previamente, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Este recurso entenderase desestimado por silencio administrativo se transcorre outro mes sen contestar.
- 5) En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

Base 10. Subcontratación





Os beneficiarios poderán subcontratar a porcentaxe necesaria, ate o 100% do importe da actividade, para a execución correcta do proxecto subvencionado. No caso de subcontratación deberán cumprirse as determinacións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia

Base 11. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas

As subvencións concedidas ao abeiro destas Bases son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, sempre que o conxunto das mencionadas axudas ou subvencións non exceda do 100% do custo da actividade subvencionada.

Base 12. Renuncia

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a notificación da concesión. En caso de que non comuniquen de forma expresa o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, de ser o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, e dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

Base 13. Prazo e forma de xustificación da subvención

1. A data límite para dar cumprimento, por parte do beneficiario, das obrigas de xustificación da subvención e solicitar o pagamento da subvención outorgada será o 30 de decembro do ano da correspondente convocatoria.

2. As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a acreditar, no prazo máximo establecido anteriormente, a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento en virtude do establecido na resolución de concesión que lles fora notificada. En caso de que non se xustifique a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

3. A xustificación deberá constar coa presentación da seguinte documentación:

- Instancia subscrita pola persoa representante da entidade beneficiaria da subvención dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Ourense onde se solicita o pagamento de subvención(es) concedida(s) **(Anexo VIII)**





- Memoria xustificativa e detallada do programa, proxecto ou actividade, asinada polo/a presidente/a e o/a secretario/a da asociación, e indicará en todo caso:
 1. Datos da entidade e denominación do proxecto, programa ou actividade.
 2. Fundamentación e consecución do proxecto así como o número de persoas beneficiarias.
 3. Periodización: datas, lugares e horarios de realización das actividades. Xustificación, de ser o caso, de posibles desviacións respecto do proxecto presentado.
 4. Recursos humanos e materiais empregados. Resultados obtidos: consecución de obxectivos, indicadores de actividade.
 5. Criterios de imputación empregados para a xustificación dos gastos indirectos.
- Relación e de xeito ordenado, de maneira correlativa ao número de orde asignado na relación numerada, de todas as facturas de cada un dos gastos realizados e xustificados, polo importe total do custo da actividade/proxecto, coa expresión mínima de: núm. de factura, a data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data de pagamento e porcentaxe de aplicación imputado ao proxecto. Esta certificación deberá estar asinada pola persoa que ostente o cargo de secretario/a e co visto e prace da presidencia (Anexo IX)
- Presentación de todas as facturas, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral e coa acreditación de estar pagadas antes da fin do período de xustificación. As facturas deben ser orixinais e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - a) Número e, de ser o caso, serie.
 - b) Nome e apelido ou denominación fiscal.
 - c) Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
 - d) Descrición detallada dos prezos unitarios, de ser o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - e) Lugar, data de emisión e sinatura.
- Nas factura computarase o gasto acreditado, agás o IVE cando sexa susceptible de ser recuperado polo beneficiario. En ningún caso o límite da subvención superará o 75 % do gasto acreditado.
- A acreditación do pagamento farase:
 - α) No caso dos pagamentos que sexan iguais ou superiores a 250 € por provedor: presentación de documento bancario no que conste o terceiro ao que vai dirixido o pagamento e a data na que foi realizado.
 - β) Para o suposto de que se inclúan facturas con retencións fiscais, deberá achegarse o xustificante de ter ingresado o seu importe na Facenda pública (excepto os correspondentes co último trimestre do ano). As cantidades retidas en concepto de IRPF deben xustificarse mediante os modelos 111 ou 190.





χ) O pagamento en concepto de rendemento de traballo dependente, xustificarse a través de nóminas orixinais pagadas, acompañadas dos correspondentes TC.

- Liquidación de ingresos e gastos da actividade subvencionada segundo o modelo normalizado (Anexo X) asinado polo/a presidente/a e o/a tesoureiro/a.
- Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello de Ourense no financiamento a actividade. Non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.
- Declaración responsable da asociación ou entidade preceptora acreditativa, entre outros aspectos, dos seguintes extremos: **(Anexo V)**.
 - a) Percepción doutras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados.
 - b) Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten fosen aplicados á actividade subvencionada e foron pagados aos seus expedicionarios ou, de ser o caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Base 14. Comprobación das subvencións

1. Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederáselle á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días para a súa emenda ou entrega. Transcorrido este prazo sen se efectuar emenda, teríanse por desistidos da súa petición, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a súa axeitada xustificación, mediante a emisión dun informe proposta que se incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

3. as subvencións minoraranse proporcionalmente se o gasto xustificado e inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, e sempre que estea garantida a consecución do obxecto.

Base 15. Pago. Pagamento anticipado





1) O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificados.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro, conforme o artigo 31.7 da lei 9/2007.

2) Despois da solicitude motivada da entidade subvencionada e sempre que o permita a dispoñibilidade da Tesourería do Concello de Ourense, poderá efectuase, con carácter anticipado á xustificación dos gastos, o libramento do 50% da contía subvencionada, xustificada a totalidade do gasto aboarase o 50% restante. En caso de efectuarse pagos anticipados, poderá esixirse a presentación de garantías mediante depósitos, avais seguros de caución ou garantías persoais e solidarias e dereitos reais de garantías

as entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado, deberán manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude empregando o modelo Anexo VII, que deberá estar asinado polo representante legal.

3. De non presentar a solicitude de pago anticipado, enténdese que a entidade solicitante renuncia ao anticipo. Neste caso o pagamento das axudas efectuarase unha vez finalizado o gasto ou actividade e logo da presentación por parte da entidade beneficiaria, no prazo establecido, da documentación xustificativa á que se refire a Base 13.

Base 16. Perda do dereito a cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sancións.

A.- Perda total ou parcial do dereito a cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención de calquera dos deberes previstos nestas bases e especialmente:

- Os deberes aos que se condiciona o pagamento da subvención.
- O incumprimento dos requisitos, condicións ou demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención.
- A variación da finalidade da actuación.
- A falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta.
- A concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.





- Procederase á redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:
 - a) Cando en concorrencia con outras axudas supere o 100% do custo da actividade.
 - b) Polo incumprimento do esforzo financeiro declarado no proxecto, a achega axustarase sempre ao esforzo financeiro realizado.

B.- Nulidade e reintegro:

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e do seu reintegro estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Procederase ao reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ate a data na que se acorde a orixe do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG. Esta obriga será independente das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.

Para facer efectiva a devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 37 a 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Cando o incumprimento por parte do beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total (superior ao 70%) e este acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada polo grao de incumprimento da actividade obxecto da subvención. Se o cumprimento non alcanza o 70% procederá o reintegro íntegro dos fondos percibidos.

C.- Infraccións e sancións

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o R.D. 887/2006, do 21 de xullo que o desenvolve.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.





As infraccións tipificaranse como leves, graves e moi graves segundo as condutas e incumprimentos detallados nos correspondentes artigos 54, 55 e 56 da citada lei 9/2007.

As infraccións en materia de subvencións sancionaranse mediante a imposición de sancións pecuniarias e, cando proceda, de sancións non pecuniarias.

a) As sancións pecuniarias poderán consistir en multa fixa ou proporcional. A sanción pecuniaria proporcional aplicarase sobre a cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada.

A multa fixa estará comprendida entre 75 e 6.000 euros e a multa proporcional pode ir do tanto ao triplo da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

A multa pecuniaria será independente da obriga de reintegro contemplada no artigo 36 da Lei 9/2007, así como das indemnizacións por danos e prexuízos que puidesen esixirse.

b) As sancións non pecuniarias, que se poderán impoñer en caso de infraccións graves ou moi graves, poderán consistir en:

- A perda durante un prazo de ate cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais das administracións públicas ou outros entes públicos.
- A perda durante un prazo de ate cinco anos da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta lei.
- A prohibición durante un prazo de ate cinco anos para contratar coas administracións públicas.

As sancións polas infraccións ás que se refire o capítulo II do título IV da citada lei graduaranse atendendo en cada caso concreto ás circunstancias e supostos especificados no seu artigo 58.

A imposición das sancións en materia de subvencións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, se dará audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será de conformidade co disposto nos artigos 63 e 64 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O procedemento iniciárase de oficio, como consecuencia da actuación de comprobación desenvolvida polo órgano concedente, así como das actuacións de control financeiros previstas na Lei 9/2007 do 13 de xuño.

Os acordos de imposición de sancións porán fin á vía administrativa.





Base 17. Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A entidade beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e oposición ante o Concello de Ourense.

Base 18. - Publicidade das axudas

1. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da administración pública galega, a Concellería de Participación Cidadá, publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, e expresará así mesmo, a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen e a finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.
2. Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos no suposto previsto na letra d) do parágrafo 2 do citado artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro de Entidades Cidadás do Concello de Ourense, dependente da Concellería de Participación Cidadá, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a el poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición pola persoa interesada.

Base 19. - Obrigas que asumen as entidades subvencionadas

- 1) Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda en forma, prazo e termos establecidos na





solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría etc.) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

2) Informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, e establecerá de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo das actividades subvencionadas, mención expresa o patrocinio do Concello de Ourense co logotipo da Concellería de Participación Cidadá. Todo o material publicitario e de difusión deberá realizarse en lingua galega, de acordo co disposto na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística (BOP 26.09.1998).

3) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da actividade e a finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

4) Comunicar calquera eventualidade na programación da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

5) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que considere necesario o Concello de Ourense, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

6) Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento destas bases.

7) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

8) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

9) Solicitar e dispoñer dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

10) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autoría e demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

11) Estar ao corrente dos pagamentos ao Concello de Ourense, así como das restantes obrigas tributarias y coa Seguridade Social, de ser o caso.

12) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007.

13) As entidades que resulten beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta orde estarán obrigadas a cumprir as demais obrigas establecidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei 38/2003.

Base 20. - Disposición derradeira

O Concello de Ourense quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.





Concello de
OURENSE

Participación Cidadá

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ
Praza San Martiño núm. 2, baixo
32005 – Ourense
Tfno.: 988 248 890
www.ourense.gal
coordinador.participación@ourense.gal

En todo aquilo non previsto nas presentes bases reguladoras estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral Municipal de Subvencións do Concello de Ourense.

Base 21. - Entrada en vigor

Estas Bases reguladoras entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP, e permanecerán vixentes ate a súa modificación ou derogación.





ANEXO I

INSTANCIA - SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE

Denominación social:			NIF
Representante:	DNI representante	Teléfono:	Fax
Domicilio:			Código Postal
Correo electrónico:			
SOLICITO: Que me sexa concedida unha subvención polo importe para o proxecto/actividade que a continuación se relaciona, para o que se acompañan os documentos requiridos na convocatoria.			
PROXECTO/ACTIVIDADE	CUSTO TOTAL	IMPORTE SUBVENCIÓN	

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade que:

☐ Non se solicitaron nin obtiveron outras subvencións para a mesma finalidade ao longo deste ano.

☐ Solicitáronse subvencións a outros organismos ou institucións, en concreto:

_____	Resultado: Concedida	Denegada	Trámite.	Importe: €
_____	Resultado: Concedida	Denegada	Trámite.	Importe: €
_____	Resultado: Concedida	Denegada	Trámite.	Importe: €
_____	Resultado: Concedida	Denegada	Trámite.	Importe: €

Ourense, de de 202

Sinatura do/a representante legal

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE

ANEXO II





Concello de
OURENSE

Participación Cidadá

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ
Praza San Martiño núm. 2, baixo
32005 – Ourense
Tfno.: 988 248 890
www.ourense.gal
coordinador.participacion@ourense.gal

CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

D/Dña. con DNI....., secretario/a
da Asociación/Entidadecon CIF.....

CERTIFICO

Que Don/Dona con DNI..... é o/a
presidente/a da entidade referenciada desde a data da súa elección (última asemblea extraordinaria na
que foi elixido/a), o ____ de ____ de _____, ostentando na actualidade esta
condición e correspondéndolle en consecuencia a representación legal da entidade.

Ourense, de de 202

O/A secretario/a

Vº Pº Presidente/a





ANEXO III

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO/ACTIVIDADE

- 1) Nome da actividade e accións ou actividades concretas que se desenvolverán.
- 2) Obxectivos da actividade.
- 3) Descrición e lugar onde se vai desenvolver.
- 4) Descrición do sector de poboación ao que se dirixe.
- 5) Número de destinatarios e idades.
- 6) Recursos humanos e materiais que se utilizarán.
- 7) Data de realización.
- 8) Metodoloxía e formas de avaliación do proxecto - Resultados - Impacto.
- 9) Orzamento de ingresos e gastos da actividade:

INGRESOS	
I- Subvención solicitada ao Concello de Ourense	€
II- Subvención solicitada a outras Entidades / Administración	€
III- Achega da entidade solicitante	€
IV- Achega das persoas usuarias	€
V Achega doutras entidades	€
VI- Outros ingresos (especificar)	€
TOTAL INGRESOS	0 €

GASTOS	
I- Gastos de persoal	€
II- Compras de materiais	€
III- Subministración	€
IV- Servizos profesionais	€
V- Outros gastos (especificar)	€
TOTAL GASTOS	0 €

Esforzo financeiro:

Formula (1 - solicitado/Custo actividade)	
---	--

Ourense, dede 202..

PRESIDENTE/A

Asdo.:

SECRETARIO/A

Asdo.:





ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Para a solicitude e tamén para a xustificación

D/Dna. (nome e apelidos) con DNI.
e con domicilio en actuando como
presidente/a da entidade..... e
CIF

D/Dna. (nome e apelidos) con
DNI. e con domicilio en
actuando como Secretario/a da entidadee CIF.....

FORMULAMOS SOLIDARIAMENTE A PRESENTE DECLARACIÓN XURADA, para os efectos de acreditar perante o Concello de Ourense,

1-Que nin a entidade nin os seus membros, nos casos legalmente establecidos, se atopan incursos nalguna das prohibicións reguladas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario de subvencións das administracións públicas.

2-Que o importe da subvención solicitada non supera o 75 % do custo realmente soportado pola entidade.

3- Que o importe da subvención, en concorrencia con outras axudas, non supera o 100% do custo da actividade.

4-Que a entidade non é debedora da Facenda estatal, autonómica nin local nin da Seguridade Social.

5-Que nos comprometemos a achegar a diferenza existente entre a cantidade subvencionada e o custo total da actividade.

6- Que nos comprometemos a custodiar os fondos da subvención, así como os documentos acreditativos da súa aplicación.

7-Que nos comprometemos a facilitar tanta información nos sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá, referida a calquera circunstancia ou extremo relativo á subvención outorgada.

8- ☐ Non se percibiron outras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados.

☐ Si se percibiron as seguintes axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados:

Proxecto/Actividade	Organismo	Importe

9 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada e foron pagados aos seus expedicionarios ou, de ser o caso, aos titulares de dereito que incorporan.

Ourense, de de 202

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A





Concello de
OURENSE

Participación Cidadá

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Praza San Martiño núm. 2, baixo

32005 – Ourense

Tfno.: 988 248 890

www.ourense.gal

coordinador.participacion@ourense.gal

Asdo.:

Asdo.:

ANEXO VI

(DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D/Dna. (Nome e apelidos) con
DNI. e con domicilio en
actuando como presidente/a da entidade e
NIF

D/Dna. (Nome e apelidos) con
DNI. e con domicilio en
actuando como Secretario/a da entidade..... e
NIF

FORMULAMOS SOLIDARIAMENTE A PRESENTE DECLARACIÓN RESPONSABLE, para os efectos de acreditar perante do Concello de Ourense que a documentación marcada a continuación foi presentada nesta Concellería e non sufriu ningunha variación:

- ☐ Código de identificación fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas
- ☐ Inscripción no Rexistro de entidades cidadás do Concello de Ourense en nos rexistros oficiais segundo a natureza da actividade a subvencionar.
- ☐ Estatutos que reflicten a entidade, así como a certificación acreditativa dos cargos representativos e domicilio social no caso de persoas xurídicas.
- ☐ Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención.

....., de de 202

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A

Asdo.:

Asdo.:

DNI:

DNI:





ANEXO VII

Modelo de solicitude de pagamento por adiantado

D/Dña. (nome e apelidos) con
DNI e con domicilio en
actuando como presidente/a da entidade e
NIF

Segundo o disposto na base 15, punto 2 das bases reguladoras de subvencións a asociacións de veciños para o funcionamento e a realización de programas ou actividades en favor do asociacionismo veciñal e da participación cidadá.

Solicito o pagamento por adiantado do 50% do importe da subvención debido a:

Polo que asino como representante legal da A. VV. _____

Ourense, de de 202

O/A PRESIDENTE/A

Nome





Concello de
OURENSE

Participación Cidadá

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Praza San Martiño núm. 2, baixo

32005 – Ourense

Tfno.: 988 248 890

www.ourense.gal

coordinador.participación@ourense.gal

Sinatura



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 6/2020.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:HEPTZI8WGMSIDV7S



ANEXO VIII (para a xustificación)

XUSTIFICACIÓN	SUBVENCIONS A ASOCIACIONS VECINAIS
----------------------	---

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

MANIFESTA que realizou o proxecto para o que obtivo a subvención de acordo coas bases reguladoras da subvención da Concellería de Participación Cidadá e achega para os efectos da súa acreditación a seguinte:

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- ☐ MEMORIA DETALLADA DA ACTIVIDADE__ (nome da actividade)_____
- ☐ DECLARACIÓN RESPONSABLE (**ANEXO V**)
- ☐ RELACIÓN NUMERADA DOS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOS GASTOS REALIZADOS IX
- ☐ PRESENTACIÓN DE FACTURAS CON ACREDITACIÓN DE TER REALIZADO O PAGAMENTO
- ☐ LIQUIDACIÓN DE INGRESOS E GASTOS DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS X
- ☐ UN EXEMPLAR DE TODA A DOCUMENTACIÓN IMPRESA QUE ACREDITE A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE

Ourense, de de
Sinatura do/a representante legal

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE





ANEXO X

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS

D/Dña..... con DNI..... en calidade de
tesoureiro/a de la entidade..... con CIF.....

Acredita co orzamento da actividade (nome da actividade)..... foi o seguinte:

INGRESOS	
I- Subvención solicitada ao Concello de Ourense	€
II- Subvención solicitada a outras Entidades / Administración	€
III- Achegas da entidade solicitante	€
IV- Achegas das persoas usuarias	€
V- Achegas doutras entidades	€
VI- Outros ingresos (especificar)	€
TOTAL INGRESOS	0 €

GASTOS	
I- Gastos de persoal	€
II- Compras de materiais	€
III- Subministración	€
IV- Servizos profesionais	€
V- Outros gastos (especificar)	€
TOTAL GASTOS	0 €

Esforzo financeiro realizado:

(1-(Importe solicitado/Custo actividade))	
---	--

Ourense, de de 202

TESOUREIRO/A

Asdo.:

DNI:

PRESIDENTE/A

Asdo.:

DNI:

